ACADAR
Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia

MEMORIA ECONÓMICA

2020

ACADAR
Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

MEMORIA ECONÓMICA // 2020

O presente documento recolle as Contas Anuais da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, **ACADAR**, integradas pola presente Memoria económica e anexos á mesma, a saber, Conta de resultados 2020 e Balance de situación 2020, a peche do exercicio, 31/12/2020.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

1. ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

1.1. Natureza

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, **ACADAR** en adiante, foi constituída o 1 de setembro de 2009 no Concello de Santiago de Compostela, por 20 mulleres con discapacidade.

Conscientes de que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non estaban cubertas nin tidas en conta por parte da sociedade actual, puxeron a disposición das mesmas a ferramenta axeitada para promover, coordinar e reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade: unha Asociación.

ACADAR está inscrita actualmente no Rexistro Central de Asociacións con ámbito de actuación autonómico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/013595-1 (SC); no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar co número: E-5371; no Censo de entidades culturais co código: B-03.22/AC 178 Libro 2 Exp: 4574; no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria co número O-633; e nos Concellos de Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Ferrol, Narón e Vigo.

ACADAR é membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS), e forma parte da Federación provincial de A Coruña da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS – COGAMI Ourense, e a Asociación de desenvolvemento rural MAIV-Baixo Miño (GDR14).

O seu ámbito de actuación comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente do lugar onde residan, tendo en conta, sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

Entre os **fins** principais da asociación salientamos os seguintes:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real.

Inscrita no Rexistro Central de Asc ons co n°.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos ais co n°.: E-5371. CIF:G70223417

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

2. Promover a plena integración escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade.

3. Defender o dereito a un xeito de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade.

4. Promover unha lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.

5. Participar na orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado **ACADAR** con criterios de solidariedade.

6. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral.

7. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á muller nas seguintes idades: infancia, xuventude e terceira idade.

8. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer dirixidas especificamente á muller con discapacidade.

9. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social.

10. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de **ACADAR** ou redundar no beneficio das mulleres con discapacidade.

Con **ACADAR**, as promotoras, asociadas e demais tipoloxía de persoas integrantes segundo establecen os seus estatutos, queremos incidir en mellorar e capacitar as mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos e áreas de participación social.

A sede social da entidade estableceuse en Santiago de Compostela. *Rúa Dublín, 3, baixos, 15707*, e o punto de atención atópase na rúa Modesto Brocos, nº 7, bloque 3, baixos.

Na actualidade, as delegacións coas que conta son:

- Lugo: situada en rúa da Luz, nº 4, 27002, Lugo

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

- Ferrol: situada en rúa Sánchez Calviño, nº56, 15404 Ferrol, A Coruña
- Ourense: situada en rúa Recaredo Paz, nº 1, 32005, Ourense
- Vigo: situada en rúa Teixugueiras, nº 15, 36212 Navia, Pontevedra

Páxina web: www.acadar.org

Correo electrónico: info@acadar.org

Teléfono: 674 073 092

1.2. Actividades realizadas

As actuacións de **ACADAR**, están a incidir nos seguintes **ámbitos**:

- **EMPREGO:** Dereito de acceso ao emprego e á igualdade de oportunidades e non discriminación por motivo de xénero e discapacidade no ámbito laboral.

- **VIOLENCIA DE XÉNERO:** Facer realidade e efectivo o Dereito das nenas e mulleres con discapacidade a vivir en liberdade e seguridade e a ser tratadas dignamente.

- **SAÚDE:** Facer realidade e efectivo o Dereito das mulleres con discapacidade galegas a unha saúde pública integral e de calidade.

- **MATERNIDADE:** Facer realidade e efectivo o Dereito á maternidade das mulleres con discapacidade.

- **SEXUALIDADE:** Facer realidade e efectivo o Dereito das mulleres e nenas con discapacidade en Galicia a vivir a nosa sexualidade dunha maneira libre, plena e íntegra.

- **VIDA INDEPENDENTE:** Dereito das mulleres con discapacidade galegas a dirixir as rendas da nosa propia existencia.

- **IMAXE SOCIAL E MEDIOS DE COMUNICACIÓN:** Dereito das mulleres e nenas con discapacidade galegas a unha imaxe social digna.

- **PARTICIPACIÓN SOCIAL E LIDERATO:** Dereito das mulleres con discapacidade galegas a participar en igualdade de condicións na vida social e política e a acceder a postos de responsabilidade e representatividade.

Deseguido se resumen brevemente os proxectos e actividades desenvolvidas durante o exercicio 2020:

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asc ons co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizo: iais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN:

- SERVIZO DE ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES CON DISCAPACIDADE (Consellería de Economía, Emprego e Industria), consistente no deseño de plans individuais de intervención, desenvolvemento, seguimento e avaliación, atención psicolóxica, e o desenvolvemento de accións de prevención e sensibilización para a poboación en xeral.

EMPREGO:

- SERVIZO DE INCLUSIÓN E TRANSICIÓN AO EMPREGO PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE (Consellería de Política Social e cofinanciado polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), tivo como obxectivo a dotación de ferramentas de inclusión para mulleres con discapacidade, prestando unha atención integral e individual de acordo as súas necesidades. En total, participaron 12 mulleres, das cales 8 completaron o seu itinerario.

EMPODERAMENTO:

- ENRÉDATE 2ª Ed. (Secretaría Xeral da Igualdade e cofinanciado pola Unión Europea PO Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020), atención personalizada e específica ás mulleres con discapacidade, sen exclusión doutras situacións de vulnerabilidade, potenciando as súas capacidades e competencias para o desenvolvemento dunha vida autónoma. Foron 41 as mulleres beneficiarias, cun total de 402 actuación en total.
- ACTIVA-DAS. Claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade. (Secretaría Xeral da Igualdade con cargo ás axudas do 0,7 % do IRPF). Tivo como obxecto o reforzo de procesos de empoderamento colectivos e individuais facendo un fincapé nas mulleres con discapacidade no medio rural. Leváronse a cabo actividades de información e asesoramento, itinerarios personalizados e obradoiros temáticos, todo dirixido a potenciar capacidades e habilidades, reivindicar dereitos e promover unha maior autonomía persoal. 43 mulleres con discapacidade foron as beneficiarias do proxecto.
- EMPREGO E SAUDE A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO (Concello de Lugo), integrou catro obradoiros relacionados co emprego, a saúde e o empoderamento das mulleres con discapacidade. Inscribíronse 17 mulleres con discapacidade residentes no Concello de Lugo.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asc ons co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos iais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

- RE-CRÉATE 2.0 (Concello de Santiago de Compostela), integrou 4 obradoiros creativos co obxectivo de visibilizar as distintas manifestación da violencia de xénero. En total, foron beneficiarias 15 mulleres con discapacidade do Concello de Santiago.
- EMPODERAR PARA DECIDIR (Deputación de Pontevedra), contou con 14 obradoiros, co obxectivo de favorecer as relacións interpersoais das mulleres con discapacidade e o intercambio de experiencias, sensibilizando e tomando conciencia sobre a violencia de xénero, así como o reforzo na adquisición de habilidades sociais e a mellora da autoestima e autoconcepto das 17 participantes.
- FOMENTO DO ASOCIACIONISMO (Secretaría Xeral da Igualdade) Axuda económica destinada ás entidades de mulleres de cara fortalecer e consolidar o movemento asociativo das mulleres galegas

EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

- COMUNICA A CONCIENCIA (Fundación ONCE), ten como obxectivo sensibilizar, concienciar e formar sobre o uso dunha linguaxe inclusiva e non discriminatoria a través da ferramenta 'Ventana Inclusiva' e 'Xanela Inclusiva', corrector de estilo para a lingua castelá e galega que reformula os termos ofrecendo alternativas non sexistas e inclusivas. Asemade, impartiuse unha acción formativa a través da plataforma Moodle na que se matricularon 87 persoas, ademais da mellora da ferramenta informática.
- SENSIBILIZA-T contra as violencias 2020. (Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado) Realizáronse de maneira online a monitorado unha formación co obxectivo de sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero ás persoas profesionais, para que nenas e nenos sexan coeducados de xeito transversal e , desta maneira, promover relacións igualitarias, eliminar actividades sexistas ou que segreguen por xénero, así como erradicar situacións de violencia. En total 51 persoas participaron nesta actividade.
- VIO 7: VER PARA ERRADICAR (Deputación da Coruña), proxecto formativo dirixido ao alumnado universitario, de formación profesional e bacharelato na provincia de A Coruña. Foron 200 as persoas participantes nas formacións dirixidas a fomentar a detección e erradicación das distintas formas de violencia cara as mulleres con discapacidade, igualdade e prevención da violencia de xénero.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

- VIO 7: VER PARA ERRADICAR (Deputación de Lugo,) ten como finalidade última a promoción das relacións igualitarias entre o alumnado, fomento da igualdade de oportunidades, do sentimento de cidadanía e a integración do conxunto das persoas con independencia das características que definan ás mesmas. Desenvolveuse en Guntín, Guitiriz e Chantada, tendo como poboación destinataria ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. En total, 115 persoas participaron nas formacións.
- MOCHILAS LILAS: PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO (Deputación de Pontevedra). Tivo como obxectivo fomentar a detección e a erradicación das distintas formas de violencia de xénero, para o que se levaron a cabo sesións formativas a alumnado de Educación Infantil e Primaria en centros de ensino da provincia de Pontevedra. As persoas beneficiarias deste proxecto foron un total de 137 estudantes dos centros de Educación Infantil e Primaria de Fornelos do Monte, Baiona, As Neves e Porriño.
- DESCUBRE REALIDADES (Secretaría Xeral da Igualdade) Coa participación de URDIME Propostas Culturais levouse a cabo un proxecto co fin de dar a coñecer a incidencia real da violencia cara as mulleres con discapacidade a través dos medios de comunicación. Creouse un espazo web (www.descubrerealidades.org) onde se recolleron distintos tipos de materiais: gráfico, testemuñal, textual e audiovisual, creando así unha exposición virtual onde se reflexou a realidade das mulleres con discapacidade.

SEXUALIDADE

- DEDALEIRA - Unidade QUERELAR e CO-RESPECTO (Secretaría Xeral da Igualdade). É un servizo de atención sexolóxica das persoas con discapacidade, o seu entorno afectivo (familiares, parellas,...) e persoas do seu entorno social ou institucional. O servizo inclúe asesoramento individualizado, accións de formación grupal, e acompañamento e atención a persoas que viviron ou está a vivir situacións de abuso (Unidade Querelar). Este ano como novidade, creouse unha nova Unidade, CO-RESPECTO, para abordar as relacións desigualitarias co obxectivo e minimizalas, remodelando e reconducindo posibles conductas tóxicas a relacións sans. Durante o ano o servizo atendeu un total de 68 persoas de maneira directa e 272 persoas de xeito indirecto.

En total, foron 803 persoas participantes nos proxectos de **ACADAR** das cales 145 foron mulleres con discapacidade participantes nos grupos e proxectos realizados para o seu crecemento e mellora persoal.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asoc ons co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos ais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

2.1. Imaxe fiel do patrimonio

a) Imaxe fiel do patrimonio, situación financeira e contas anuais: As contas anuais do exercicio 2020 foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2020, e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable. Reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

En particular, aplícase o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos á adaptación sectorial, resolución do ICAC de data 26/3/2013 (BOE nº 85 de 9/4/2013)

b) Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable: Asociación de ACADAR aplica as disposicións legais en materia contable.

c) Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel: A Asociación non aporta información complementaria adicional relativa á imaxe fiel do patrimonio, por non resultaren precisa.

2.2. Principios contables non obrigatorios

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicar outros alternativos.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

a) ACADAR non aplicou ningún cambio nas súas estimacións contables derivadas de aspectos críticos de valoración.

b) A entidade segue, en todo momento, o principio de empresa en funcionamento. Os criterios de valoración dos seus activos, pasivos e patrimonio réxense de acordo a este principio. A estimación de incerteza por parte da Asociación non excede dos parámetros considerados de normalidade no campo no que opera.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

2.4. Comparación da información

A entidade non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. A información do exercicio que se informa é comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas

As contas anuais de Asociación de ACADAR non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de resultados.

2.6. Cambios en criterios contables

Non houbo cambios relativos ós criterios contables.

2.7. Corrección de erros

Durante o ano 2020 a entidade realizou correccións contables por erros de exercicios anteriores por importe neto de -963,65€ (2.286,50 en 2019).

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1. Excedente do exercicio

No exercicio 2020 obtense como resultado das actividades ordinarias un excedente negativo de -14.522,31€.

3.2. Aplicación de resultados

A Xunta Directiva de Asociación de ACADAR proporá a aprobación da distribución de resultados do exercicio terminado a 31 de decembro do 2020 da seguinte forma:

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asc[illegible]óns co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos[illegible]iais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

BASE DO REPARTO	IMPORTE
Excedente do exercicio	-14.522,31
Remanente	
Reservas voluntarias	
Outras reservas de libre disposición	
TOTAL.....	**-14.522,31**
APLICACIÓN	**IMPORTE**
A fondo social	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
A resultados negativos de exercicios anteriores	-14.522,31
TOTAL.....	**-14.522,31**

3.3. Limitacións na aplicación dos excedentes

Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN DE CONTAS

4.1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recóllese no Balance cando é probable a obtención, a partires do mesmo, de beneficios ou dun rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou doutros incrementos no patrimonio neto (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1).

Ademais debe cumprir co criterio de identificabilidade, cumprindo o dito inmobilizado con algún dos requisitos seguintes:

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 • Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 • www.acadar.org • info@acadar.org

- Que sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
- Que xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas

A amortización do inmobilizado intanxible faise segundo a vida útil estimada dos elementos. O tipo aplicado para as aplicacións informáticas é do 25%.

Inmobilizado intanxible	%-anos depreciación
Aplicacións informáticas……..	25%

4.2. Inmobilizado material

O inmobilizado material recoñécese no Balance cando é probable a obtención, a partires do mesmo, de beneficios ou dun rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou doutros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1).

Preséntase a custo de adquisición, incluíndo no mesmo aqueles gastos adicionais nos que se incorreu ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmobilizado, recoñécense como gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual da amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada. No presente exercicio procedeuse a amortizar a máximos todo o inmobilizado, segundo as Táboas de Amortización aprobadas no Real Decreto 1777/2004 de 30 de xullo.

A vida útil estimada por partidas de inmobilizado material foron as seguintes (en porcentaxes):

Inmobilizado material	% - anos depreciación
Equipos procesos Información…	25%
Outro Inmobilizado material……	20%

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asoóns co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos iais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

4.3. Terreos e construcións como investimentos inmobiliarios

ACADAR non posúe bens recollidos nesta partida.

4.4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

A entidade non ten bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.5. Permutas

Durante o exercicio 2020 non existiron permutas.

4.6. Créditos e débitos pola actividade propia

Tanto os créditos como os débitos que aparecen no balance teñen un vencemento inferior ao ano, sendo curto prazo, orixinando o recoñecemento dun activo ou pasivo respectivamente polo seu valor nominal.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por baixo do interese de mercado.

4.7. Activos e pasivos financeiros

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse polo tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais –clientes e debedores varios- e da actividade propia -usuarios e debedores varios-.
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos.
- Instrumentos de patrimonio doutras entidades adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal e fianzas e depósitos constituídos.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais –provedores e ACREDORES varios- e da actividade propia –beneficiarios ACREDORES -.
- Débedas con entidades de crédito.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou entidades que non sexan entidades de crédito e fianzas e depósitos recibidos.

Activos financeiros. Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- Activos financeiros mantidos para negociar: inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e, no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.
- Activos financeiros a custo amortizado: inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade, así como aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial, e cuxos cobros son de contía determinada ou determinable. Valóranse inicialmente á custo, e nas valoracións seguintes a custo amortizado. Ao final do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.
- Activos financeiros a custo: inclúense os investimentos en patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas, así como os demais instrumentos de patrimonio, agás que sexan clasificados como Activos financeiros mantidos para negociar ao menos a fins do exercicio; efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.

Pasivos financeiros. Valóranse segundo a seguinte clasificación:

- Pasivos financeiros a custo amortizado: compostos por débitos, operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida, e posteriormente polo custo amortizado.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

- Pasivos financeiros mantidos para negociar: son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os Activos financeiros mantidos para negociar.

4.8. Existencias

Os bens e servizos comprendidos nas existencias valoraranse polo seu custo, xa sexa o prezo de adquisición ou o custo de produción. Os impostos indirectos que gravan as existencias só se incluirán no prezo de adquisición ou custo de produción cando non sexan recuperables directamente da Facenda Pública.

A Asociación a 31/12/2020 non posúe existencias en almacén.

4.9. Transaccións en moeda estranxeira

Durante o exercicio económico 2020 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

4.10. Imposto sobre beneficios

Durante o exercicio económico 2020 as fontes de ingresos de ACADAR consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns, ingresos e aportacións de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas das súas socias.

Ao ser ACADAR unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.3 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas.

No ano 2020 a Asociación ACADAR non tivo ingresos xerados por actividades económicas.

4.11. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan, e con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

En particular, as axudas outorgadas pola entidade recoñécense no momento en que se aproba a súa concesión.

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 • Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 • www.acadar.org • info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

En ocasións, o recoñecemento destes gastos difírese en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para o seu devengo, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados:

a) Cando a corrente financeira se produce antes ca corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina dita corrente real.

b) Cando a corrente real se estende por períodos superiores ao exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen prexuízo do indicado para os gastos de carácter plurianual.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurianual contabilízanse na conta de resultados do exercicio en que se aproba a súa concesión, con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.

b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ao que correspondan.

c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos prodúcense.

d) En todo caso, realízanse as periodificacións necesarias.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido. Os gastos de formación, de existiren, se rexistrarían no momento do seu compromiso.

4.12. Provisións e continxencias

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2020.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 • Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 • www.acadar.org • info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

4.13. Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e son recoñecidos na conta de resultados como ingresos sobre unha base sistemática, de forma correlativa cos gastos derivados do gasto ou investimento obxecto da subvención, doazón ou legado.

As subvencións, doazóns e legados que teñen o carácter de reintegrables rexístranse como pasivo, ata que adquiren o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando cumpran as condicións polas que foron concedidas, e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.
- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.
- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.
- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

4.14. Negocios conxuntos

No ano 2020 non se desenvolven este tipo de negocios.

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

4.15. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

No suposto de existir, as operacións entre entidades do mesmo grupo, con independencia do grao de vinculación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realízase de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.

Esta norma de valoración afecta as partes vinculadas que se explícita na Norma de elaboración das contas anuais 13ª do Plan Xeral de Contabilidade e na Norma 11ª de valoración das normas de adaptación. Neste sentido:

a) Entenderase que unha entidade forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as entidades estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se atopen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias. En particular, presumirase que dúas entidades non lucrativas teñen a consideración de entidades do grupo cando ambas as entidades coincidan na maioría de persoas que compoñen os seus respectivos órganos de goberno.

b) Entenderase que unha entidade é asociada cando, sen que se trate dunha entidade do grupo no sentido sinalado, a entidade ou as persoas físicas dominantes, exerzan sobre esa entidade asociada unha influencia significativa, tal como desenvólvese detidamente na citada Norma de elaboración de contas anuais 13ª.

c) Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como detállase detidamente na Norma de elaboración de contas anuais 15ª.

Considéranse partes vinculadas á Entidade, adicionalmente ás entidades do grupo, asociadas e multigrupo, ás persoas físicas que posúan directa ou indirectamente algunha participación na Entidade, ou no seu dominante, de maneira que lles permita exercer sobre unha ou outra unha influencia significativa, así como aos seus familiares próximos, á persoal clave da Entidade ou do seu dominante (persoas físicas con autoridade e responsabilidade sobre a planificación, dirección e control das actividades da entidade, xa sexa directa ou indirectamente), entre a que se inclúen os Administradores e os Directivos, xunto aos seus familiares próximos, así como ás entidades sobre as que as persoas mencionadas anteriormente poidan exercer unha

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

influencia significativa. Así mesmo teñen a consideración de parte vinculadas as entidades que compartan algún conselleiro ou directivo coa Entidade, salvo cando este non exerza unha influencia significativa nas políticas financeira e de explotación de ambas, e, no seu caso, os familiares próximos do representante persoa física do Administrador, persoa xurídica, da Entidade.

A Asociación durante o exercicio 2020 realiza as transaccións entre partes vinculadas detalladas no punto 16 desta memoria.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

5.1. Movementos durante o exercicio

O movemento que houbo durante o exercicio 2020, así como os do ano inmediatamente anterior, nas contas incluídas neste epígrafe, e as súas correspondentes amortizacións, foi segundo segue:

Ano 2020, Inmobilizado intanxible

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	14.477,00	11.040,04	0,00	25.517,04
TOTAL...	**14.477,00**	**11.040,04**	**0,00**	**25.517,04**

AMORTIZACIÓN					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	5.273,89	5.358,45	0,00	10.632,34	14.884,70
TOTAL...	**5.273,89**	**5.358,45**	**0,00**	**10.632,34**	**14.884,70**

Ano 2019, Inmobilizado intanxible

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Aplicacións informáticas	10.000,00	4.477,00	0,00	14.477,00
TOTAL...	**10.000,00**	**4.477,00**	**0,00**	**14.477,00**

Rúa Dublín, nº 3- Baixos- 15707 ▪ Santiago de Compostela- A Coruña
Telf.: 674073092 ▪ www.acadar.org ▪ info@acadar.org

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

AMORTIZACIÓN					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Aplicacións informáticas	2.016,48	3.257,41	0,00	5.273,89	9.203,11
TOTAL...	**2.016,48**	**3.257,41**	**0,00**	**5.273,89**	**9.203,11**

Ano 2020, Inmobilizado material

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
